[Video y fotos] A loita é o único camiño!

CNT GALIZA :: 01/03/2013

[Galego/Cast] La lucha es el único camino. manifestación en Compostela

Galego A manifestación que tivo lugar o 26 de febreiro, convocouse baixo a lenda "Malia a represión, malia a precariedade, a nosa forza é imparábel" como resposta ante a escalada da represión que se fai cada día máis evidente en Compostela. Na fría tarde, que ameazaba chuvia, unhas 200 persoas, entre afiliadas e afiliados de CNT de varias localidades, da CUT, das Asembleas Abertas de Estudantes e simpatizantes, concentráronse ás 20.00 na praza de Vigo para saír en percurso polo ensanche compostelán e a zona vella. Despois de pasar xunto ao Parlamento ("Aí está a cova de Alí-Babá!"), a manifestación rematou na praza do Toural, onde membros da Asemblea Aberta, de CNT Compostela, da Liga Estudiantil Galega e da CUT adicaron unhas palabras á continuidade da loita e á necesidade de seguir na rúa, malia a presión cada vez máis patente das forzas represoras do Estado. Dende CNT Compostela queremos agradecer aos compañeiros ferroláns pola solidariedade mostrada. E na rúa seguiremos sempre, loitando, malia a represión e a precariedade, porque a nosa forza é imparábel!

Castellano La manifestación que tuvo lugar el 26 de febrero, se convocó bajo la leyenda "A pesar de la represión, a pesar de la precariedad, nuestra fuerza es imparable" como respuesta ante la escalada de la represión que se hace cada día más evidente en Compostela. En la fría tarde, que amenazaba lluvia, unas 200 personas, entre afiliaadas, y afiliados de CNT de varias localidaades, de la CUT, de las Asambleas Abiertas de Estudiantes y simpatizantes, se concentraron a las 20:00 en la plaza de Vigo para realizar un recorrido por el ensanche compostelano y la zona vieja. Después de pasar junto al Parlamento ("Ahí está la cueva de Alí-Babá"), la manifestación finalizó en la Plaza del Toral, donde miembros de la Asamblea Abierta, de CNT de Compostela, de la Liga Estudiantil Galega y de la CUT dedicaron unas palabras a la continuidad de la lucha y a la necesidad de seguir en la calle, a pesar de la presión cada vez más patente de las fuerzas represoras del Estado. Desde la CNT Compostela queremos agradecer a los compañeros ferrolanos la solidaridad mostrada. Es en la calle seguiremos siempre, luchando, a pesar de la represión y la precariedad, porque nuestra fuerza es imparable!

---

https://galiza.lahaine.org/video-a-loita-e-o-unico-camino